



CELEBRACIÓN EN OS COTOS

25-26 de xullo do 2026

XVII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús coas parábolas que estas semanas estamos lendo no evanxeo vains amosando o proxecto de vida que El nos propón.

As parábolas que conta hoxe falan dos tesouros que todos buscamos na vida: familia, amizade, felicidade, dignidade, amor ...

Segundo os imos atopando, deixamos de lado outras realidades, e agarrámonos a eles con todas as nosas forzas.

Agora aquí temos diante de nós un gran tesouro: vivir e compartir a nosa fe en Xesús, e participar na realidade do Reino de Deus xa na terra.

Aproveitemos este encontro con Deus e cos irmáns para atopar a ilusión e a esperanza, e vivamos esta xuntanza de comunidade como un tesouro que vale a pena.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Na busca dos tesouros da nosa vida somos capaces de cometer erros e ser egoístas, deixando moitas veces de lado a outras persoas. Xesús móstranos que no noso camiño todos somos importantes e non podemos deixar a ninguén só ou abandonado. Por iso agora queremos pedir perdón e comprometermonos:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos con Xesús a vivir querendo facer sempre o ben?

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por non virarlle as costas ás persoas máis necesitadas da nosa sociedade?

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos con Xesús a seguir o seu exemplo e a vivir levando con nós o tesouro do evanxeo e da fe?

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que atopemos o tesouro de vivir en comunidade a nosa fe. Hoxe amosamos a nosa dor de corazón por todos os incendios que están matando a terra e a vida.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, Ti es a protección dos que esperan en Ti, e sen Ti nada é santo nin ten valor.

Guíanos e axúdanos coa túa misericordia, para que, facendo un bo uso dos bens temporais, con responsabilidade persoal, participemos xa nos bens eternos.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As Palabras de Xesús no Evanxeo de hoxe son para nós un motivo de esixencia na responsabilidade de escoller os tesouros da nosa vida. Non é o mesmo o tesouro de ter cousas que o de compartilas, non é o mesmo o tesouro a costa dos demais que o tesouro para os demais.*

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Sabemos que todo colabora para o ben dos que aman a Deus, dos que foron escolleitos segundo os seus designios. Pois El distinguíunos primeiro e predestinouos a reproducirmos a imaxe do seu Fillo, de tal maneira que el sexa o primoxénito entre moitos irmáns. E a eses que predestinou, tamén os chamou; e a eses que chamou, tamén os xustificou; e a eses que xustificou, tamén lles deu a súa gloria.

Palabra do Señor

🎵 *Quen nos vai separar de Ti* **SALMO**

(en pé) *Leccionario I A páx 231 Mt 13, 44-52 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel día Xesús contoulles outra parábola:

- Parécese o Reino dos Ceos a un tesouro agachado nunha leira: o home que o atopou vólveo a agachar; e, cheo de alegría, vai vender canto ten para mercar aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un tratante de perlas finas: en atopando unha de grande valor, foi vender canto tiña e mercouna.

Do mesmo xeito é semellante o Reino dos Ceos a un aparello de rede largado no mar, que recolleu peixes de todas as castes. Unha vez cheo, tiran por el para a ribeira e, sentados, escollen os bos e os malos tiran con eles. Así será na fin do mundo: sairán os anxos e arredarán os malos dos xustos para botalos no forno do lume; alí será o pranto e o renxer dos dentes.

- Entendedes todo isto?

Eles responderon:

- Entendemos.

El concluíu:

- Por iso todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese ao dono dunha casa que saca das súas arcas o novo e mailo vello.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón





A xeito de homilía

É tesouro na nosa vida a fe que compartimos agora cos veciños e veciñas da parroquia.

Son tesouro de vida e de fe ás persoas que dan sentido ao noso fogar.

Son tesouro de vida e de fe ás familias que enchemos de vida esta nosa parroquia.

Son tesouro de vida e de fe a terra e a natureza que nos legaron os nosos antepasados, e que temos a responsabilidade de agasallar ás xeracións vindeiras.

Son tesouro de vida e de fe os sonhos que compartimos para un mundo que se constrúa na paz.

Son tesouro de vida os nosos maiores coa súa experiencia do vivido, e son tesouro os máis pequenos da nosa parroquia coa súa inocencia, coas súas ganas, co seu entusiasmo por vivir.

Son tesouro de vida estas palabras coas que hoxe rezamos coma comunidade.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial acollemos o evanxeo coma tesouro da fe, e proclamamos coas nosas voces o credo que nos une en comunidade como igrexa de Xesús:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe, que nos ama, nos acolle, e nos convida a amar e a acoller facendo evanxeo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a acoller o tesouro do evanxeo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirmos unha comunidade na que todos somos os tesouros máis importantes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade que anuncia o amor, que proclama o perdón e que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven dando froitos de evanxeo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por Xesús, no espírito de querer vivir a fe coma un tesouro que temos nas nosas mans, imos rezar xuntos dicindo:*

Señor, escoita ao teu pobo

Monitor/a:

- ✓ Pedimos por nós, para sermos igrexa que ofrece escoita, tolerancia e respecto, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas de bo corazón, para que sigan sendo exemplo para todos nós, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que son coherentes, para que co seu xeito de ser, nos sigan amosando o evanxeo coma tesouro de vida, oremos
- ✓ Pedimos por nós e polas persoas que teñen a responsabilidade de gobernar, para que non pechemos os ollos e o corazón, ante as persoas, que viven a vida, non coma tesouro senón como traxedia, oremos
- ✓ Pedimos tamén por todas as persoas que seguen a buscar os tesouros da paz, do agarimo, da solidariedade, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acollendo as nosas preocupacións e desexos e convidáenos a acoller o tesouro do evanxeo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Un dos grandes tesouros que nos ensinou Xesús foi dicirnos que Deus é o noso Pai e que por iso todos somos irmáns. Fagámolo realidade rezando o aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús dáenos o tesouro da paz compartida. Que nós saibamos atopar tamén ese tesouro na nosa vida e fagamos partícipes del aos que nos rodean. Ser seguidor de Xesús é ser testemuñas de evanxeo coa nosa vida. Fagamos da fe o tesouro que agora compartimos.*

Agora é hora de dar unha man de paz.



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *O gran tesouro da fe que vivimos hoxe pídenos compromiso para facer entre todos realidade o Reino de Deus no noso mundo.*

Ditosos nós que somos convidados a recoñecer este tesouro de Deus na nosa vida de parroquia facéndoo crible cos nosos feitos e palabras.

Ditosos nós por poder participar na mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque coma crentes e en familia podemos compartir a nosa fe.

Fai que, no camiñar de cada día, sexamos capaces de facer realidade o evanxeo, pois cremos que nos chamas así a colaborar no teu Reino.

Grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos dar grazas polo tesouro da vida sinxela e polas persoas que nos ensinaron a vivila,

con Xesús o Reino de Deus facémolo crible cos feitos da xustiza, da fraternidade e da responsabilidade persoal,

con Xesús damos grazas a Deus Pai por todas as persoas que son para nós un tesouro de fe.



“A fe é o noso tesouro”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus***

🎵 **Ide e pregoade a nova de Deus**